

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FRNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 21 de novembro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a denegación das licenzas municipais instalación de actividade e construción de nave para explotación avícola de carne, en Fazai, Carballido.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase excepcionar do cumprimento das condicións NHV-2010, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Camiño Real, número 117.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas, reposición de lousas na cuberta, lavado de fachada principal e substitución da carpintería exterior, no edificio sito na rúa Montirón, número 7; para a instalación de ascensor no edificio sito na rúa Mestre Soutullo, número 31 e para a legalización de obras de cubrición de dous espazos abertos entre os pavillóns hospitalarios e a cubrición do almacén de residuos no Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, sito na estrada da granxa, s/n, Campus Universitario.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por unha técnica adscrita a Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg49.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-11-2012

Así mesmo, acórdase o nomeamento dunha arquitecta técnica do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato suscrito coa adxudicataria do contrato correspondente á asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Concello de Lugo por prazo dun ano contado dende o 1 de novembro de 2012

Tamén se acorda a desestimación do recurso de reposición da denegación da solicitude de compensación de débedas e requirimento para pagamento da cantidade correspondente á monetarización do IVE, na contratación da obra de construción dun edificio dotacional destinado á Policía Local e Protección Civil.

Do mesmo xeito, acordase a modificación do contrato administrativo correspondente á concesión do servizo de limpeza viaria, recollida de residuos e transporte para o seu tratamento.

5. PLAN URBAN.- Acórdase a desestimación do recurso de reposición presentado contra a resolución de adxudicación dos traballos arqueolóxicos ligados as obras de reurbanización e recuperación de espazos públicos das canellas do Hospital e do son.

6. FACENDA LOCAL.- Acórdase desestimar a solicitude na que se interesa a devolución do importe ingresado mediante a autoliquidación número 3605676, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 8.007,99 €, ó renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Círculo das Artes esquina Vázquez Seijas, parcela D-4, Polígono de Augas Férreas.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ó denegarse a licenza de obras solicitada para instalación dun soporte metálico para carteis publicitarios na avda. de Madrid, 255.

Do mesmo xeito acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 5842255 (1188/2012), xirada a nome da sociedade agraria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras pola construción de patio de recreo anexo a nave agrícola sita en Esperante-Santalla de Esperante.

Así mesmo, acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións,

instalacións e obras, ó declararse a caducidade do expediente de licenza para reformas na residencia de maiores as gándaras sita na Calzada das Gándaras, rúa Do Peto e rúa da Garza.

Acórdase aprobar a solicitude na que se interesa a desistencia á solicitude de licenza de obras para instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Orquidea, 102, pola que ingresou a nome da entidade mercantil a autoliquidación núm. 3731934, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 97,60 €.

Así mesmo, acórdase aprobar a solicitude na que se interesa a desistencia á solicitude de licenza de obras para instalación dunha estación base de telefonía móbil na rúa Serra de Outes, 44, pola que ingresou a nome da entidade mercantil a autoliquidación núm. 3731935, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 79,60 €.

Lugo, 28 de novembro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García